



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
EN DATA 05 DE ABRIL DE 2016.-**

---

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e corenta e cinco minutos do día cinco de abril de dous mil dezaseis, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**
- **D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**

**Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martinez Crespo.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

**PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES (ORD. 22.03.2016 E  
EXTRAORD. URXENTE 30.03.2016)**

---

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 22 e 30 de marzo de 2016 ó que responden negativamente os concelleiros presentes nas mesmas, polo que as referidas actas foron aprobadas pola unanimidade dos presentes nelas.

**PUNTO II.- INFORMES DE SERVIZOS SOCIAIS**

---

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 11 de marzo de 2016 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D<sup>a</sup>. T.L.F.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

Lese o escrito R.E. n.º 8.422 de data 30 de decembro de 2015 presentado por D. F.J.S.P., con enderezo na rúa 2ª Transv. Aloqueiro, n.º 4, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa 2ª Transv. Aloqueiro, n.º 4.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito R.E. n.º 1.248 de data 26 de febreiro de 2016 presentado por D. M.A.A.G., con enderezo na rúa Calvario, n.º 47-1º da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Calvario, n.º 47-1º.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ó solicitado.



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

### **PUNTO III.- CUOTAS DO MERCADO MUNICIPAL**

---

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de MARZO de 2016 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

### **PUNTO 4.- INSTANCIAS**

---

Dase conta do escrito RE 1.811 de data 22 de marzo de 2016, presentado pola COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMÚN DA GUARDA, solicitando a sinatura dun convenio para manter unha valla de publicidade do Concello da Guarda nunha parcela propiedade de dita comunidade de montes.

A Xunta de Goberno Local acorda facer as averiguacións pertinentes para coñecemento da ubicación e propiedade da parcela en cuestión.

Lese o escrito RE 1.820 de data 22 de marzo de 2016, presentado por CLUB DE REMO ROBALEIRA, para informar que día 9 de abril vai celebrarse no porto de A Guarda a regata XVII Bandeira Concello de A Guarda memorial Antonio Torrón, para o que solicitan a colaboración da Policía Local co fin de ordenar o tráfico na zona. Asimesmo, solicitan que se lles facilite un palco cun toldo para situar os árbitros da competición.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e dar traslado á Policía Local e o responsable do departamento de servizos para que instale o palco.

Lese o escrito RE 1.933 de data 30 de marzo de 2016, presentado por DNA. BEATRIZ MARTINEZ LOMBA, con enderezo na rúa Rosentes, nº 20 da Guarda, solicitando que se pinte a estrada de entrada á rúa Rosentes debido á falta de sinalización tanto horizontal como vertical.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se procederá ó seu pintado o antes posible.

Lese o escrito RE 1.958 de data 31 de marzo de 2016, presentado por D. ELOY GONZALEZ VICENTE, con enderezo na rúa Brasil, nº 17 da Guarda, solicitando a reposición do sinal indicativo da rúa Brasil que estaba na confluencia de dita rúa coa rúa Galicia.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se reporá en canto haxa disponibilidad.



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Dase conta do escrito RE 1.837 de data 22 de marzo de 2016, remitido pola XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO, autorizando a limpeza mecánica da praia do Muiño.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

### **FORA DA ORDE DO DÍA**

---

O Sr. Alcalde da conta da sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello da Guarda para levar a cabo as obras de cambio de cuberta da pista polideportiva do CEIP As Solanas segundo o cal o Concello da Guarda aportará a cantidade de 75.000 euros para a súa execución con cargo a partida orzamentaria 2016/0323.750.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Visto o proxecto básico e de execución de cambio de cuberta de pista polideportiva do CEIP As Solanas - Nicolás Gutierrez Campo presentado o día 21 de marzo de 2016 (RE 1.789) pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e visto o informe do arquitecto técnico municipal de data 5 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto básico e de execución do "Cambio de cuberta da pista polideportiva do CEIP AS Solanas - Nicolás Gutiérrez Campo".

*Sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día da data ó sr. Alcalde levanta a sesión da que eu como secretario dou fe.*